



Informe de legalidade sobre o proxecto de orde pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, emito o seguinte

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O marco xurídico competencial que atribúe aos órganos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a elaboración da presente norma parte do artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, consonte o cal é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme ao apartado primeiro do seu artigo 81 o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (en adiante LOE), modificada pola Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro (en adiante LOMLOE), prevé nos seus artigos 21 e 29 a realización dunha avaliación de diagnóstico de carácter censual que se deberá levar a cabo en todos os centros educativos e terán como marco de referencia o establecido no seu artigo 144: "Os centros docentes realizarán unha avaliación a todos os seus alumnos e alumnas en cuarto curso de educación primaria e en segundo curso de educación secundaria obrigatoria, segundo dispoñan as administracións educativas. A finalidade desta avaliación será diagnóstica e nela comprobarase, polo menos, o grao de dominio da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática".

O decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e o decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia determinan nos artigos 27 e 23, respectivamente, a realización deste proceso avaliativo.

O decreto 119/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, establece no seu artigo 22.1 as funcións que lle corresponde exercer á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, entre elas: "Deseño de instrumentos e posta en práctica dos procesos de avaliación do sistema educativo, así como o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia dos programas internacionais e accións de avaliación en que participe Galicia" e máis concretamente no apartado 2.2 do artigo 24 dispón que lle corresponde ao Servizo de Avaliación do Sistema Educativo o "Deseño, planificación e execución das accións de avaliación xeral e de mellora do sistema educativo nos niveis





non universitarios" e a "Elaboración de probas e instrumentos para a avaliación do sistema educativo e para a avaliación dos proxectos e programas educativos".

2. Necesidade e oportunidade

No punto oitavo da disposición final quinta da LOMLOE establécese que as avaliacións de diagnóstico "comezarán a aplicarse no curso escolar no que se implanten os cursos cuarto de educación primaria e segundo de educación secundaria obrigatoria".

No punto terceiro da mesma disposición final quinta da LOMLOE establécese que "as modificacións introducidas no currículo, a organización e obxectivos de educación primaria implantaranse (.) para os cursos segundo, cuarto e sexto no curso que se inicie dous anos despois de dita entrada en vigor".

No punto cuarto da mesma disposición final quinta da LOMLOE establécese que "as modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos e programas de educación secundaria obrigatoria implantaranse (.) para os cursos segundo e cuarto no curso que se inicie dous anos despois de dita entrada en vigor".

Tal e como se recolle na disposición final sexta, a LOMLOE entrou en vigor o 19 de xaneiro de 2021, 20 días despois da súa publicación no BOE.

Por todo o anterior, de acordo co calendario de implantación da LOMLOE, corresponde iniciar a aplicación das avaliacións diagnósticas nos niveles educativos de cuarto curso de educación primaria e segundo curso de educación secundaria durante o curso académico 2023-2024.

En consonancia co anterior, é preciso establecer ao inicio do curso académico 2023/2024 unha normativa que regule as condicións xerais e o procedemento de realización da proba de avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia nos vindeiros cursos académicos.

A Orde do 6 de outubro de 2010 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia debe ser derogada por non axustarse ás modificacións introducidas pola LOMLOE.

Ademais, a citada orde refírese aos decretos 130/2007, do 28 de xuño e 133/2007, do 5 de xullo polos que se establecen, respectivamente, os currículos de educación primaria e educación secundaria obrigatoria xa derogados respectivamente polos decretos 155/2022 e 156/2022, do 15 de setembro.

O obxecto da presente orde é establecer as condicións e o procedemento de realización da proba de avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.

A finalidade da avaliación de diagnóstico é contribuír a determinar o nivel adquirido polo alumnado nas competencias das distintas áreas e materias de cara a promover que os centros elaboren propostas de actuación que contribúan a mellorar o nivel acadado polo seu alumnado en ditas competencias, adopten medidas de mellora da calidade e a equidade da educación e orienten a práctica docente. En consecuencia, terá carácter





informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, carecerá de efectos académicos para o alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Tramitación

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, establece no capítulo II do seu título II o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. O artigo 41 regula a fase inicial e sinala que a elaboración das devanditas disposicións iniciárase por acordo da persoa titular da consellería na que se encadre o centro directivo que tivese a iniciativa. Así, o presente proxecto de orde foi elaborado como anteproxecto pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. A documentación achegada nesta fase foi a seguinte:

- Acordo do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de 1 de agosto de 2023, de inicio do procedemento de elaboración da norma.
- Texto do anteproxecto.
- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.
- Informe do Servizo Técnico-Xurídico de data 13 de setembro de 2023

De acordo co artigo 41.2 da citada lei, o texto da proposta normativa expúxose publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o período comprendido entre o 03/08/2023 e o 28/08/2023, non recibíndose nese prazo ningunha achega/opinión a través do formulario dispoñible no propio portal.

Logo de finalizar esta fase do procedemento mediante a aprobación inicial do texto como proxecto de orde polo conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o 14 de setembro de 2023, seguíronse os trámites da fase intermedia previstos no artigo 42 da Lei 16/2010.

De conformidade co artigo 41.5 da mesma norma, consta certificado emitido o 11 de decembro de 2023 pola directora da Área de Administración dixital na Amtega, no que se dá conta de que no período comprendido entre o 15/11/2023 e o 05/12/2023 (en cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno) se expuxo publicamente no portal de Transparencia e Goberno Aberto o texto íntegro do proxecto de orde, recibíndose unha suxestión.

Así, na tramitación do proxecto solicitouse informe á Secretaría Xeral da Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se emitiron o 20 de setembro de 2023





e o 28 de novembro de 2023, respectivamente. Tamén se solicitou informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa que foi emitido con data 2 de outubro de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 42.1 da Lei 16/2010, remitiuse ás demais consellerías da Xunta de Galicia o proxecto de orde para os efectos da realización das observacións que tivesen oportuno realizar con independencia da emisión do informe que puidera esixir a lexislación vixente. Non se recibiron observacións ou alegacións.

Consta tamén memoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, do 19 de decembro de 2023, sobre os informes emitidos polos distintos órganos que con carácter preceptivo informaron o proxecto, sobre a alegación recibida no trámite de exposición no Portal de Transparencia.

A Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades emitiu informe o 27 de decembro de 2023.

De conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia, por considerar que se axusta á legalidade vixente, informo favorablemente o proxecto de orde pola que se regula o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, data da súa sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Manuel Vila López

